


# Modelo comentario dun climograma

## Iquitos



Elaboración propia (proxecto cREAgal). Climograma ([CC BY-NC-SA](#))

Seguidamente imos comentar un gráfico denominado climograma ou diagrama ombrotérmico.

Un climograma é un gráfico no que se mostran dous valores diferentes: a evolución mensual das temperaturas e das precipitacións medias dun lugar concreto ao longo dun ano.

Que representan os eixes verticais e o horizontal?

- Nun dos eixes de ordenadas (vertical) vemos os valores da precipitación media mensual en mm, representadas mediante barras.
- No outro eixe vertical indícanse os valores da temperatura media mensual en °C, que se representan mediante unha liña.
- No eixe de abscisas (horizontal) figuran os doce meses do ano.

Este climograma corresponde a cidade peruana de **Iquitos**

- Comezaremos **estudando as temperaturas e a súa evolución ao longo dos doce meses do ano**. Todos os meses superan os 22°, polo que estamos ante un clima cálido, un clima sen inverno: a temperatura máis elevada, 26,6°, rexistrouse no mes de novembro e a máis baixa, 24,9°, en xullo. A temperatura media, 25,8°, é tamén elevada. A oscilación térmica é moi baixa, apenas acada os 1,7°.

-No tocante ás **precipitacións**, vemos que **son moi elevadas**, pois acadan un total de 2485 mm anuais, e tamén **moi regulares** dado que non hai ningún mes seco: **todos son húmidos**. O mes que rexistra o maior volume de precipitacións é marzo (295 mm) e o mes ca menor cantidade de precipitacións recollidas é agosto (178 mm).

-Fixándonos **na distribución das temperaturas**, observamos que **os meses con temperaturas máis altas non son os meses centrais do ano, senón os meses finais, así que este climograma correspóndese cun clima** que se atopa no hemisferio S (se se atopara no hemisferio N, os valores térmicos máis elevados acadaríanse en xuño, xullo e agosto).

-**Valorando conxuntamente precipitación e temperaturas**, vemos que non hai estacións; non se pode distinguir unha estación fría dunha cálida, unha seca dunha húmida.

Vendo todas estas características, podemos afirmar que se trata **dun clima da zona climática cálida**, concretamente coas **características do clima ecuatorial**: temperatura media superior aos 18°, temperaturas mensuais elevadas e regulares e precipitacións abundantes e regulares. **Cales son os trazos do clima ecuatorial?**

- Esténdese por unha estreita banda ao N e ao S do Ecuador.
- Os ríos desta área climática caracterízanse por seren, ao igual que as precipitacións, moi caudalosos e regulares.
- O bioma asociado ao clima ecuatorial é a selva, que queda caracterizada pola existencia dunha vexetación moi densa, sempre verde e organizada en pisos.